


Educación pública: recortes, conflitos



Luz López

Secretaría xeral da Federación do Ensino e coordinadora da Área Pública de CCOO

Para ninguén é novidade que desde hai meses estamos en continuo conflito coas autoridades educativas que máis nos afectan. Loxicamente, refírome ao ministro Wert e ao conselleiro Vázquez. Cada un no seu ámbito e os dous en perfecta coordinación, conseguiron que toda a comunidade educativa deamos unha resposta conxunta.

Que se esprema os Erasmus; que se recorten as bolsas ata o punto de que o alumnado teña que renunciar a seguir estudando por unhas décimas na súa nota media e pase a engrosar as listas dos servizos de emprego sen esperanzas nin formación; que reduzan e desaparezan as bolsas da Administración para acceder aos comedores escolares, cando as distancias no rural fan imposible que o alumnado vaia xantar á casa e se reincorpore a tempo ás clases da tarde; que se modifiquen as políticas de préstamos de libros de texto que garantían a gratuidade; que as condicións de traballo do profesorado e do persoal non docente sexan de-

gradadas; que se insinúe que ata o de agora non se traballaba e que eles nos poñen a andar; que as aulas estaban baleiras e había que aumentar o alumnado; que...

A nosa concepción do servizo público educativo obríganos a nos enfrontar co retrógrado da LOMCE. É unha gran manobra ideolóxica que o neoliberalismo privatizador avanzou aquí, en Madrid e en Valencia, e que na educación e a sanidade quere estender ao resto da poboación. Todo iso adubado cuns acordos con Rouco Varela cos que a Conferencia Episcopal bota foguetes, malia que aínda se queixa de que os nenos de infantil e os adolescentes de bacharelato quedan desamparados da súa tutela doutrinal.

Falando da LOMCE, mentres que a LOE pretendía educar cidadás e cidadáns democráticos, responsables, libres, críticos e consideraba que a boa educación é unha riqueza e o maior recurso dun país, a LOMCE quere unha cidadanía competitiva e considera a

educación unha aposta polo crecemento económico.

A lei que acaban de aprobar non ten xustificación: non se acompaña dunha análise rigurosa do sistema educativo, que xebre as partes que funcionan e as que non funcionan para modificar estas. Está destinada a mercantilizar aínda máis o sistema educativo, pois numerosas medidas teñen como finalidade encuberta promover máis a súa privatización. É sexista, xa que permite os colexios que segregan por sexo e o seu concerto educativo.

A LOMCE é tamén unha lei que ataca o galego e é recentralizadora –quita competencias ás comunidades autónomas–, amais de converter o sistema educativo nunha carreira de obstáculos, con reválidas que terán notables repercusións no alumnado e nos centros: os alumnos terán que superalas para non repetir, que non apareza no seu expediente ou poder obter o título de eso ou de bacharelato. Cos resultados desas reválidas publicarase unha clasificación de centros; os que ocupen os primeiros postos recibirán máis recursos e así manterán a súa posición e serán os escollidos por máis familias para escolarizar os seus fillos.

Na mesma liña que as actuacións do PP, estamos ante unha lei autoritaria, que faculta a Administración a escoller a persoa que dirixa un centro e outórganlle todo o poder de decisión. O Consello Escolar, no que está representada toda a comunidade educativa, queda relegado a simple órgano consultivo.

Denunciamos tamén o carácter segregador dunha lei que, para garantir bos resultados nas probas internacionais, vai apartando o alumnado que non acada os

obxectivos cara a uns «programas de mellora da aprendizaxe». Este alumnado non terá reforzo educativo para lograr os obxectivos propostos, terá difícil a súa incorporación en vindeiros cursos canda os seus compañeiros. Obriga o alumnado a decidir o seu futuro académico en 3.º da ESO.

Por último, é unha lei que impón unha disciplina alternativa á relixión para garantir esta na escola e que desprestixia a formación profesional: crea unha FP básica, na que obteñen unha capacitación mínima con vistas ao mercado, facendo que no grao medio se teñan que impartir materias como matemáticas e lingua, restándolles horas ás propias da especialidade, o que supón un retroceso no que se lograra ata o de agora na FP. Así mesmo, endurecéense os requisitos de acceso aos ciclos de grao superior ao ter que pasar todo o alumnado por unha proba de acceso.

Máis desigualdade

A LOMCE plasma no papel o que se vén aplicando en Galicia, Madrid e Valencia desde hai uns anos, e os resultados non son bos: acaban coa atención á diversidade; non se constrúen escolas públicas pero si se lles cede solo público aos centros privados; o abandono educativo triplicouse e aumentou o número de alumnado que repite curso; os resultados escolares dependen cada vez máis do estrato social de procedencia, daquela, a escola deixa de compensar desigualdades. A LOMCE e as políticas do PP en materia educativa pretenden cambiar o modelo social a través do cambio de modelo educativo.

Por todo isto, non estamos de acordo con esta contrarreforma educativa que ensanchará as desigualdades sociais, deixará fóra do sistema o alumnado con problemas e necesidades educativas especiais, e todo a prol dunha ideoloxía neoliberal.